



R inclúe LaLiga Smartbank esta tempada

- ***Os/as clientes/as de R poderán ver en directo os partidos do C.D. Lugo, que xoga na segunda división de fútbol da competición española.***
- ***A competición estará dispoñible a través da canle LaLiga Smartbank TV no dial 7.***
- ***Os/as clientes/as de R poden acceder a un amplo catálogo multideportivo que inclúe fútbol de LaLiga Santander e LaLiga Smartbank, e as mellores competicións do mundo do motor, tenis, baloncesto ou boxeo, a través do seu deco.***

Martes, 25 de outubro de 2022.- R ofrécelles dende esta semana aos seus clientes/as de televisión o novo **paquete Total TV** con toda LaLiga Smartbank, a liga de segunda división de fútbol.

Grazas a esta nova proposta, os/as clientes/as do operador galego poderán seguir en directo os partidos do C.D. Lugo, que xoga nesta categoría esta tempada; será xa dende esta próxima fin de semana, co partido C.D Lugo-C.D Mirandés que se disputará no campo galego o domingo 30 ás 14:00 h.

Coa incorporación de LaLiga Smartbank ao catálogo de oferta da opción **Total TV**, a través do desco de **R**, o operador de telecomunicacións galego dálle continuidade ao seu obxectivo de incrementar o valor da súa oferta de entretemento.

A competición estará dispoñible a través da canle LaLiga Smartbank TV no dial 7.

Este contido, que se ofrece a través de Agile TV, súmase ao acordo alcanzado con DAZN, polo cal os/as clientes/as xa poden gozar de LaLiga Santander (5 partidos por xornada de 35 xornadas), así como das mellores competicións internacionais de fútbol (Premier League, UWCL, Copa Libertadores, Copa Suramericana, FA Cup ou MLS) e unha completa oferta multideportiva: MotoGP, Moto2 e Moto3, F1, Turkish Airlines EuroLeague ou as veladas de Matchroom Boxing.

"O fútbol de LaLiga Smartbank, onde xoga o C.D.Lugo, reforza a aposta de R pola calidade e variedade dos contidos deportivos a través do noso deco de televisión. A idea é seguir traballando nesta liña para competir coa mellor oferta do mercado, respondendo sempre aos intereses e demandas dos nosos/as clientes/as", sinalou Alfredo Ramos, director xeral de **R**.

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

R.gal